

No mar do Grove

Un documento vivo



RAMÓN NICOLÁS

Non son habituais os estudos de antropoloxía cultural coma o presente e teño para min que por esta mesma razón cómpre destacalos. Olegario Sotelo Blanco, que tamén está de actualidade pola publicación doutro volume dado á luz hai pouco tempo e titulado *A voz do emigrante*, continúa aquí a liña doutras pezas de investigación que xa nos tiña ofrecido con anterioridade e ofrece arestora un volume, requintadamente editado, baixo o título de *Xentes do mar do Grove*, que conta con fotografías de Xurxo Lobato e que se acompaña dun excepcional prólogo, documentado e altamente informativo, do académico arousán Francisco Fernández Rei; este último redacta unhas páxinas memorábeis, e non só filolóxicas, sobre o termo “dorna” e o mundo mariñeiro entre outros aspectos e, ademais, incorpora nese limiar unha referencia a unha composición poética –“Cantiga do mar de Arousa”– da voz literaria máis representativa das terras mecas: Manuel Lueiro Rey. É de xustiza resaltar este feito cando, ao se referir á narrativa que recreou o conflito bélico do 36,



Lueiro é esquecido ignorándose relatos d’*O sol na crista do galo* e outros textos que exhiben gran talento literario. En efecto, volvendo ao rego, Rei sinala unha das composicións máis fermosas, sinxelas e evocadoras de Lueiro que, sen desprenderse dunha evidente intención crítica, podería engadirse a outros

textos en verso e prosa nos que o mar e as súas xentes adquiren por veces categoría protagónica.

Olegario Sotelo, así pois, con sinxeleza e axilidade, concibe o seu traballo como unha auténtica

homenaxe ás xentes do mar do Grove de xeito que na primeira parte do volume propón unha reflexión arredor desa barreira intanxible chantada entre as xentes da Galicia mariñeira e mais do interior, insistindo no dinamismo continuo das primeiras entre outros aspectos.

Logo, na segunda sección deste volume, afonda -recorrendo ao xénero da entrevista e cedendo, por tanto, a voz aos verdadeiros protagonistas deste mundo- naqueles aspectos vitais e biográficos de doce homes e mulleres que son desde agora fonte indispensable de coñecemento dunha dimensión tan relevante como é a vida mariñeira entre nós e que cómpre entender como a recuperación dunhas voces convertidas en testemuños valiosos de parte do noso pasado, e mesmo do noso presente, sen os cales non é doado entender o noso tempo.

SOTELO BLANCO, Olegario, Xentes do mar do Grove (fot. Xurxo Lobato), Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2006, 174 páxinas